

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte dous de setembro do ano dous mil vinte e tres, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona María Pilar Ramallo Vázquez  
Don Roberto José Álvarez Carrero  
Dona Marta Fernández-Tapias Núñez  
Don Rafael Domínguez Artime  
Don Jorge Cubela López  
Don José Carlos López Campos  
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Dona María Nava Castro Domínguez  
Don Jesús Vázquez Almuiña  
Don Carlos López Font  
Don Carlos Gómez Prado  
Dona Digna Rosa Rivas Gómez  
Don Gregorio Luis Agís Gómez  
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez  
Don Gorka Gómez Díaz  
Dona Beatriz Lomba Rodríguez  
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona María Pilar Ramallo Vázquez, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

- 1. Aprobación do borrador da acta da reunión extraordinaria do 8 de setembro de 2023 (Exp. n. 2023057882).**

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, extraordinaria, do día oito de setembro de dous mil vinte e tres.

- 2. Dar conta do Acordo da Xunta de Goberno do 8 de setembro de 2023, de aprobación do "Convenio marco de colaboración entre a Deputación de**



Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, así como da realización da Xornada de presentación do proxecto aos concellos da provincia de ata 20.000 habitantes, celebrada o 18 de setembro de 2023 (Exp. n. 2023040250).

O deputado D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Pontevedra, pide a palabra para trasladar a sorpresa pola urxente convocatoria da xornada de presentación do proxecto celebrada o 18 de setembro de 2023. O sr. deputado D. Carlos López Font expón a súa sorpresa pola urxencia da convocatoria despois de dous meses sen facer nada. Ademais, salienta que xa existe unha resolución presidencial ditada pola anterior deputada delegada en materia de Novas Tecnoloxías, Ana Mejías, que, ademais, nin sequera se cita, na que se recolle un reparto e distribución diferente do proxecto, existindo un solape entre o que se fixo e o que se está facendo por esta Corporación.

A deputada Dna. María Pilar Ramallo Vázquez expón que con data 4 de setembro de 2023, o Ministerio de Política Territorial, a través da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, notificaba o Acordo sobre a extensión do período de execución dos proxectos de modernización e dixitalización no ámbito da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, do 29 de agosto) ata o 30 de abril de 2024. Deste xeito, co obxectivo de axilizar os trámites administrativos e proceder as contratacións necesarias dos proxectos, procedeuse a enviar a carta de adhesión do Convenio de colaboración cos concellos explicando o alcance do proxecto e os prazos para a formalización das adhesión, motivo polo cal procedeuse a convocalos para asegurar un mellor traslado da información e cumprir os prazos de execución dos proxectos marcados polo Ministerio.

O deputado D. Carlos López Font, informa que revisará o expediente administrativo e exporá o que estimen pertinente no próximo Pleno.

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

### **3. Rogos e preguntas.**

Non se formularon.



E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e doce minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

